



**Concello
SOUTOMAIOR
R
Pontevedra**

Expte. 37/2020: Bases de inscrición e participación das comparsas no Desfile Municipal de Comparsas de Entroido 2020 (Aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/01/2020)

BASES PARA O DESFILE DE COMPARSAS EN ARCADE- ANO 2020

0. Obxecto da convocatoria:

Regulación das bases de participación no Desfile Municipal de Comparsas de Entroido 2020 organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Soutomaior.

1.- Datas e horarios:

O Desfile de comparsas terá lugar **o domingo 1 de marzo de 2020 ás 17.00 horas.**

En caso de choiva, celebrarase o seguinte domingo, 8 de marzo.

2.- Requisitos das comparsas participantes:

As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario como na súa actuación. Non se considerarán como comparsas con dereito á inscrición e participación, aquelas que repitan o seu disfrace de anos anteriores. Poderanse excluír como beneficiarias das axudas reguladas nestas bases todas aquelas que non cumpran as condicións esixidas.

O número máximo de comparsas participantes no desfile é de 15 e deberán solicitar a súa participación a través de inscrición no rexistro xeral do Concello .

Cubertas as 15 prazas, a organización pode decidir si amplía ou non o número de comparsas ata un máximo de 20.

Si algunha das comparsas inscritas e confirmadas non comparece, sen causa xustificada, o día do desfile queda penalizada durante 3 anos, a non participar.


As comparsas participantes no desfile deberán ter un mínimo de 30 compoñentes.

3.-Localización do desfile.

O lugar de saída será a Rúa Calvario, na intersección da Avda. Xosé Solla coa Rúa Cochón.

4.- Organización.

As comparsas deberán estar no lugar da saída 30 minutos antes de dar comezo o desfile. A primeira en desfilarmos será a dos nenos e nenas que forman a comparsa resultante do obradoiro que organiza o Concello de Soutomaior. As demais comparsas, desfilarmos por orde de chegada.





**Concello
SOUTOMAIOR
R
Pontevedra**

5.- Itinerario do desfile.

Rúa Calvario, Avda. Xosé Solla e Rúa Rosalía de Castro. Na Alameda Talo Río, haberá unha festa de entroido coa actuación dun grupo musical ata as 22:00 h. aproximadamente.

6.- Procedemento de inscrición ,prazo de inscrición e documentación:

A inscrición **presentarase a través da Sede Electrónica** do Concello de Soutomaior
<https://soutomaior.sedelectronica.es/info.0>

O prazo de inscrición pecharase o mércores 19 de febreiro ás 14 h

Documentación a entregar:

- Ficha de inscrición (anexo I)
- Certificado do/a secretario/a da asociación no que constará o número de expediente da inscrición no rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia conforme teñen recoñecido pola Axencia Tributaria a exención do pago do IVE (anexo II).
- Fotocopia do CIF da Asociación.
- Certificado de conta bancaria da Asociación.

No momento de formalizar a inscrición, indicaranse os datos requiridos na ficha de solicitude.

Todos estes datos serán obrigatorios en caso de que non se cumprimente correctamente, a comparsa poderá quedar excluída do desfile.

Para calquera dúbida ou aclaración poden enviar un correo a cultura@soutomaior.com ou chamar a Oficinas Xerais do Concello 986 705 106/14

7.- Premios

Os premios pola participación no desfile son os seguintes:

- A) Para as comparsas que non leven nin carroza nin música:
- De 30 a 40 membros: 100€
 - Máis de 40 membros: 150€

- B) Para as comparsas que leven carroza e música:
- De 30 a 40 membros: 300€
 - Máis de 40 membros: 400 €

8.- Pagos

A asistencia ó desfile, pagarase mediante transferencia bancaria previa presentación da factura correspondente a través do sistema de facturación electrónica FACE <https://www.soutomaior.gal/gl/rexistro-de-facturas-electronicas/>, na cal deberán indicar claramente o concepto de factura así como o número de conta para facer o ingreso.

Os **Códigos DIR3** do **Concello de Soutomaior** son:
Oficina Contable: **L01360530**





**Concello
SOUTOMAIOR
R
Pontevedra**

Órgano Xestor: **L01360530**
Unidade Tramitadora: **L01360530**

A recepción de facturas no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas (Face) terá os mesmos efectos que os que se deriven da presentación das mesmas nun rexistro administrativo, tal e como se establece no artigo 10.2 da Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas.

9.- A participación neste desfile, implica a aceptación destas bases.

10.- A organización resérvase e o dereito de non deixar desfilar a todas aquelas comparsas que non cumpran algunha das condicións establecidas nestas bases.

O ALCALDE EN FUNCÍONS
Documento asinado dixitalmente á marxe.





**Concello
SOUTOMAIOR
R
Pontevedra**

ANEXO I:

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO DESFILE DE COMPARSAS EN ARCADE ANO 2020

Data:.....
Nome e apelidos da persoas responsable da comparsa:.....
Cargo que ostenta:.....
Nome da comparsa.....
Nome da asociación.....
CIF da asociación.....
E-mail de contacto.....
Enderezo e código postal.....

MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN:

B) Comparsas sen carroza e sen música

De 30 a 40 membros

Máis de 40 membros

C) Comparsas con carroza e música

De 30 a 40 membros

Máis de 40 membros

Declaramos que coñecemos e aceptamos as bases e desexamos participar no desfile de comparsas en Arcade.





**Concello
SOUTOMAIOR
R
Pontevedra**

Asdo.: A persoa responsable da comparsa

ANEXO II:

D.D^a con D.N.I.....Secretario/a da
Asociación.....

CERTIFICO:

Que mediante expediente nº de data foi recoñecido pola Axencia
Tributaria á Asociación que presido o carácter social, e ata a data continua tendo dito carácter.

.....,de.....de.....

Vº e Prace O/A Presidente/a da Asociación O/A Secretario/a

